



RESOLUCIÓN DO 30 DE SETEMBRO DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A LISTA DEFINITIVA DE BAREMACIÓN NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 10 DE MARZO DE 2021 (DOG N° 56, DO 24 DE MARZO)

Mediante Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, de data 10 de marzo de 2021 (anuncio no DOG n° 56, do 24 de marzo), convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, de conformidade coas Bases aprobadas por acordo asinado entre a Xerencia de Xestión Integrada e as centrais sindicais CC.OO., CIG, C-SIF, O'MEGA, SAE e UXT, en data 29 de decembro de 2020.

Por resolución do 18 de xuño de 2021, procedeuse a declaración provisional dos aspirantes admitidos e excluídos no devandito procedemento, con apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións ou para emendar os defectos que motivasen a exclusión.

Por resolución do 7 de xullo de 2021, procedeuse a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como de baremación provisional, con apertura dun prazo para a presentación de reclamacións ata o 31 de agosto.

Rematado o prazo sinalado no parágrafo anterior, e de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 da Base Sexta, logo do tratamento das reclamacións no seo da Comisión de Traslados Internos, e a proposta da mesma, esta Xerencia

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar como Anexo I a listaxe definitiva de baremación das persoas admitidas na convocatoria, segundo a orde de prelación.

A publicación da devandita listaxe terá lugar na paxina web do Espazo do Profesional. A baremación de cada aspirante estará tamén visible en Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos — Mobilidade Voluntaria Interna.

Segundo.- Convocar as persoas aspirantes aos actos de elección de prazas, segundo se recolle no Anexo II.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional

Asdo.: Javier Fernández Nistal

Director de RR.HH.

A Coruña, 30 de setembro de 2021
O Xerente da Área Sanitaria A Coruña e Cee

SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Xerencia de Xestión Integrada A Coruña
XERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

